



USO DOS EMBLEMAS DA UNIVERSIDADE

O logotipo e o selo da Universidade son símbolos da mesma, constitúen o seu elemento diferenciador e dan autenticidade ós seus documentos.

Que polo anterior, o seu uso debe ser acorde coa función que desempeñan e en tal sentido, para sobrancea-lo seu cometido, o proxecto de Estatutos aprobado polo Claustro constituínte resérvalle-lo artigo 9 dos mesmos.

Que en execución desa vontade da comunidade universitaria debe procurarse a regulamentación do seu uso, todo iso co propósito de que unha Institución de tanta transcendencia social, como é a Universidade, trate de crear e salvagard-los seus usos, tradicións e emblemas.

Xa que logo esta proposta obtivo a conformidade da Xunta de Goberno, é polo que este Rectorado, facendo uso das atribución que lle outorga o artigo 51 das Normas Estatutarias Provisionais, acorda dicta-la seguinte

RESOLUCION

1º A inserción de calquera anuncio en diarios oficiais ou nos medios de comunicación nos que aparezan o nome da Universidade ou o seu escudo (logotipo), por parte dos Centros, Departamentos ou Institutos deberá ser solicitado ó Xerente da Universidade e tramitarse polo Servicio de Xestión Económica e Contratación, aínda no suposto de que o aboamento do gasto sexa por conta daqueles.

2º A expedición de certificados por asistencia a cursos ou xornadas, nas que figure o nome da Universidade, Centro ou Departamento illado ou conxuntamente, así como o escudo (logotipo) ou selo requirirá a existencia previa dun Convenio suscrito entre a Universidade e a Entidade Organizadora e, en todo caso, a autorización do Rector.

Vigo, 9 de decembro de 1992

O RECTOR



Asdo. Luís Espada Recarey